

INFORME DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS REFERIDOS AO OUTORGAMENTO DE MEDALLAS DE OURO E NOMEAMENTOS DE MEMBROS HONORARIOS DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE AMOEIRO QUE EMITEN D. XULIO PRADA RODRÍGUEZ E D. RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

Consonte coa petición realizada pola xuíza instrutora encargada do procedemento de acreditación de méritos dos concelleiros que integraron a corporación municipal de Amoeiro durante a Segunda República coa finalidade de conceder, se procede, a Medalla de Ouro aos tres alcaldes e os Nomeamentos de Membros Honorarios da Corporación do Concello de Amoeiro aos concelleiros, procedemos á presentación do seguinte

INFORME RAZONADO DOS MÉRITOS DOS CONCELLEIROS E ALCALDES DE AMOEIRO DURANTE A SEGUNDA REPÚBLICA

Concorren na proposta de Medallas de Ouro da actual Alcaldía do Concello de Amoeiro tres persoeiros da vida municipal que encarnan o compromiso co que foron os valores que inspiraron o proxecto republicano: os Ilustres Sres. D. Castor Sánchez Martínez, D. Manuel Vázquez González e D. José María González González. Ao fronte da Corporación, en diferentes etapas e con mandatos de moi distinta duración, enfrontaron o saneamento da administración municipal, impulsaron a creación de escolas públicas e levaron a cabo un programa de realización de infraestruturas de todo tipo. En definitiva, desenvolveron un intenso labor en procura da mellora nas condicións de vida da poboación local.

D. Castor Sánchez Martínez desempeñou a alcaldía en dous períodos. Primeiro entre o 5 de xuño de 1931 e o 11 de outubro de 1934 en que foi suspendido por orde gubernativa e, de novo, desde o 24 de febreiro de 1936 ata a destitución de todas as corporacións municipais republicanas da provincia tralo golpe militar do mes de xullo. Foi, sen dúbida, o principal artífice e inspirador das políticas municipais implementadas pola corporación nos pouco máis de cinco anos que durou a experiencia republicana e a referencia para os seus compañeiros de corporación.

No caso de D. Manuel Vázquez González destaca a súa capacidade para manter unida a corporación municipal no difícil período no que a dirixiu, entre o 21 de outubro de 1934 e o 5 de xaneiro de 1936, data na que presentou a súa dimisión por motivos particulares. Manuel Vázquez, ao igual que o seu sucesor por breves meses, José María González González, foi quen de garantir o funcionamento do concello e de continuar o labor iniciado en 1931.

Castor Sánchez, Manuel Vázquez e José María González, malia a súa diferente cor política, foron quen de traballar en conxunto ao servizo dun mesmo proxecto compartido que pretendía favorecer un cambio cualitativo en aspectos fundamentais da vida económica e social do concello, permanecendo vivos na memoria colectiva das súas xentes. Os casos de D. Castor Sánchez Martínez, asasinado o 25 de agosto de 1936, e de D. José María González González, condenado á pena de morte o 25 de febreiro de 1938, que lle foi finalmente conmutada pola de reclusión perpetua, constitúen o mellor expoñente das políticas exclusión implementadas a partires de xullo de 1936 pola ditadura, pero estas, cunha intensidade e obxectivos diferentes, tamén se fixeron extensivas a outros compañeiros de Corporación.

Unha Corporación que, como quedou dito, promoveu, en primeiro lugar, a CONSTRUCCIÓN DUNHA REDE DE ESTRADAS E CAMIÑOS destinada a facilitar a comunicación interna entre as aldeas e parroquias e a dar saída aos produtos agrícolas e gandeiros, nomeadamente o viño, aos mercados urbanos e vilegos da contorna. O seu programa estivo inspirado, ademais, polo desexo de contribuír, cos escasos medios da época, á diminución do paro obreiro para paliar a situación dos veciños máis necesitados. Entre este tipo de obras salientan as que citamos deseguido:

- A estrada desde Tamallancos a Punxín, que aínda hoxe é a principal vía de comunicación municipal e que foi ancheada durante a transición á democracia pola corporación presidida por José González Pérez.
- As obras realizadas co financiamento do Concello e da Deputación provincial para converter en estrada o camiño veciñal nº 567 dende a estrada Villacastín-Vigo ata a Penafita (Amoeiro), comunicando, por fin, as parroquias de Trasalba e Parada coa de Amoeiro.
- A estrada desde Santa Cruz ata Trasalba e a de Parada a O Viñao, melloradas máis de cincuenta anos despois durante as alcaldías de Manuel Fernández Rincón.

- A estrada de Amoeiro ata Santabaia, que permitiu sacar do seu illamento a esta localidade.

A isto cómpre engadir outras obras de infraestrutura, máis modestas, pero que tamén tentaban contribuír a paliar o paro obreiro e a mellorar a vida cotiá dos veciños de Amoeiro, como camiños veciñais, fontes e pontes. Entre estas obras podemos citar as fontes públicas nas aldeas de Os Casares e Outeiro de Trasalba. A construción de pontes no Priorato de Bóveda, no Tiollo e sobre o río Formigueiro, entre Fontefría e Figueiras. E, por último, a apertura ou o arranxo dun gran número de camiños veciñais, como os que comunicaban as aldeas de Outeiro e O Burgo, en Bóveda; os pobos de O Formigueiro, A Bergueira, Campos e Fondo de Vila en Trasalba; e Os Casares, en Amoeiro. Fixeron o mesmo cos camiños das aldeas de Sabuxe e Santa Baia, en Cornoces. O pobo de Loureiro, que era o máis habitado do concello, tivo por fin un camiño transitable ata a estrada de Tamallancos a Barbantes, por unha banda, e ata Bouzas pola outra. Outro camiño comunicou a Torre de Amoeiro con Abruciños. Realizaron os arranxos necesarios nos camiños xa existentes, como o de Cima de Vila a Rouzós ou o «Camiño Real», no tramo de Liñares ata O Reguengo, para mantelos transitables para persoas, carros e animais. Estas vías, planificadas pola corporación republicana, constitúen o eixe da rede de estradas locais de que os habitantes de Amoeiro gozan aínda na actualidade.

En segundo termo merece ser destacado o PROGRAMA DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS PARA ESCOLAS E VIVENDAS DOS MESTRES e de mellora dos existentes, o cal, grazas ao apoio do Ministerio de Instrución Pública e ao incremento dos fondos municipais destinados a este fin, permitiu artellar unha rede escolar substancialmente mellor que a existente ata entón. Para isto desdobláronse as escolas mixtas xa existentes, como fixeron coas da parroquia de Rouzós, creando escolas unitarias de nenos e de nenas. Ademais, estableceron escolas mixtas nas principais aldeas que non contaban con ningunha para evitar que os seus rapaces tivesen que desprazarse diariamente, por exemplo, desde As Figueiras ata Fontefría ou desde Cornoces ata Amoeiro. Así, só dez días despois da súa constitución, a corporación republicana xa comezou a tramitar o expediente para a creación de escolas mixtas en Cornoces e nas Figueiras e ao ano seguinte presentou os expedientes para construír edificios escolares en Amoeiro e Parada e reformouse a casa escola de nenos de Trasalba. Tamén se aprobou a posta en funcionamento dunha escola mixta en Albeiros para os nenos desta aldea e os do Formigueiro, na parroquia de

Trasalba. Outra na Poboanza, á que asistirían tamén os escolares de Rairo e Teixeira, na freguesía de Parada. E unha terceira en Outeiro de Bóveda, para os cativos desta aldea e os das veciñas de Chacín, Burgo e Tiollo. Asemade, os seus integrantes solicitaron a construción directa polo Estado dun predio para escolas nacionais de nenos e de nenas na aldea de Cima de Vila de Rouzós, que, porén, nunca chegou a facerse realidade.

A Corporación tamén promoveu a creación de cantinas escolares para, en expresión textual recollida nas actas, «mitigar siquera en parte el hambre y la miseria que en muchos niños es habitual». Un proxecto que non contou con financiamento do Estado ata xaneiro de 1936, pero que exemplifica a fonda preocupación social dos seus membros e o seu interese por desenvolver políticas de asistencia que paliasen a situación dos máis desfavorecidos. De feito, a análise do orzamento municipal entre 1933 e 1936 reflicte un aumento constante das partidas investidas directamente na asistencia social e no sostemento e mellora da rede de escolas no concello. Deste xeito, o capítulo de Instrución Pública chegou a representar en 1936 máis do 18% do total, cando tres anos atrás apenas supuña un 0,5%, mentres os gastos en beneficencia neste último ano chegaban ao 19%, máis do dobre que en 1933.

Asemade, levouse a cabo, non sen reticencias, un PROGRAMA DE SANEAMENTO DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL E DE MORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DOS FUNCIONARIOS E PROFESIONAIS QUE RECIBÍAN ALGUNHA ASIGNACIÓN DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO. Neste senso cómpre aludir á elaboración do censo municipal de familias pobres con dereito a asistencia médico-farmacéutica, a modificación do horario das oficinas municipais para facilitar as xestións dos veciños pertencentes ás freguesías máis afastadas, a fiscalización das contas correspondentes á etapa anterior á proclamación da República ou a creación dunha segunda praza de médico municipal para mellorar a atención dos veciños.

Conforme ás disposicións vixentes no ámbito da NACIONALIZACIÓN POLÍTICA, a Corporación promoveu a celebración de diversas festividades destinadas fomentar os valores de compromiso cívico e identificación cos símbolos republicanos. Asemade, en decembro de 1932 adheriuse ao anteproxecto de Estatuto Galego e acordou enviar representantes á xuntanza convocada en Santiago de Compostela para a súa aprobación. En maio de 1936 volvería a adherirse ao proxecto de Estatuto finalmente sometido a referendo o 28 de xuño dese mesmo ano.

Á vista do exposto, semella innecesario detallar todas as intervencións realizadas polos sucesivos alcaldes D. Castor Sánchez Martínez, D. Manuel Vázquez González, D. José María González González e, novamente, D. Castor Sánchez Martínez, para non alongar en exceso a exposición dos seus méritos, que pola nosa banda coidamos sobradamente acreditados para outorgarlles a Medalla de Ouro do Concello de Amoeiro.

Outro tanto habería que sinalar no que atinxe ao labor desenvolto polo resto da Corporación, cuxos integrantes representaban a todas as parroquias do concello e ás diferentes sensibilidades políticas que coadxuvaron á proclamación da Segunda República. As diversas fontes históricas consultadas para a investigación que sustenta esta proposta reflicten a imaxe, non sempre habitual, dun equipo entregado a unha tarefa común que, ao marxe das súas diferenzas e das naturais discrepancias de criterio en asuntos concretos, foi quen de traballar en conxunto ao servizo dun mesmo proxecto compartido nunhas circunstancias históricas certamente complicadas.

É de xustiza lembrar, ademais, que na súa maioría se trataba de persoas que desempeñaban oficios manuais ou dedicados á agricultura nas súas pequenas explotacións, polo que a súa entrega aos asuntos municipais resultou dobremente xenerosa e mesmo gravosa para as súas familias. Como dixemos, as diferentes formas de persecución que padeceron durante a guerra civil engrandecen aínda máis o seu sacrificio e o seu compromiso co municipio durante os cinco anos que estiveron ao fronte da Corporación. Todo ese labor sintetizado nos parágrafos precedentes responde, ben é certo, ao impulso persoal dos que foron cabezas visibles da corporación en distintos momentos, pero non tería sido posible sen o traballo desenvolto por todos os concelleiros nas súas respectivas áreas de goberno.

Por todo o exposto, acreditamos favorablemente a idoneidade de outorgar as condecoracións propostas pola actual Alcaldía do concello de Amoeiro e formulamos a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Que se conceda a *Medalla de Ouro do Concello de Amoeiro* aos alcaldes D. Castor Sánchez Martínez, D. Manuel Vázquez González, D. José María González González e se

outorgue o nomeamento de *Membro Honorario da Corporación* aos señores concelleiros D. Wenceslao Corral González, D. Francisco Dopazo Rodríguez, D. Benigno González González, D. José María González González, D. Manuel González Paradela, D. Antonio Otero Sarmiento, D. Agustín Rivera Suárez, D. Castor Sánchez Martínez, D. Modesto Santos Pulido, D. Maximino Sarmiento Gómez, D. Manuel Vázquez González e D. Marcial Vázquez Vázquez

O que asinamos en Amoeiro, a 27 de xaneiro de 2014

Asdo: Xulio Prada Rodríguez

Asdo: Raúl Soutelo Vázquez